

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

7338 *Real decreto 311/2016, do 29 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, en materia de traballo nocturno.*

A Comisión Europea dirixiu ao Reino de España, de conformidade co artigo 258 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, o Ditame motivado 2014/4169 por non incorporar correctamente no ordenamento xurídico nacional o artigo 8 da Directiva 2003/88/CE, do 4 de novembro de 2003, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo. A base deste ditame é a consideración da Comisión Europea de que España non traspuxo o límite absoluto de oito horas para o traballo nocturno que implique riscos especiais ou tensións importantes, previsto no artigo 8, letra b), da directiva.

O artigo 36.1 da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, outorga ao Goberno a facultade de establecer limitacións e garantías adicionais para a realización de traballo nocturno en certas actividades ou por determinada categoría de traballadores.

Con este real decreto dáse cumprimento ao citado ditame motivado e incorpórase plenamente ao ordenamento xurídico español ese aspecto da Directiva 2003/88/CE, do 4 de novembro de 2003. Para iso, modifícase o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, en cuxo capítulo IV, dedicado ao traballo nocturno, se engade un novo artigo referido exclusivamente a traballadores nocturnos que desenvolvan traballos con riscos especiais ou tensións importantes. Para os efectos da determinación dos traballos que se vaian ver afectados pola limitación de xornada, e facendo uso da posibilidade prevista no último parágrafo do artigo 8 da Directiva 2003/88/CE, o novo artigo contén unha remisión ao que se dispoña para o efecto nos convenios colectivos ou, na súa falta, nos acordos colectivos.

Con carácter previo á aprobación do presente real decreto foron consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas. Así mesmo, foron consultadas as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xullo de 2016,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.*

Engádesse no Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, un novo artigo 33 coa seguinte redacción:

«Artigo 33. *Xornada máxima dos traballadores nocturnos en traballos con riscos especiais ou tensións importantes.*

1. A xornada de traballo máxima dos traballadores nocturnos cuxo traballo implique riscos especiais ou tensións físicas ou mentais importantes será de oito horas no curso dun período de vinte e catro horas durante o cal realicen un traballo nocturno, salvo que deba ser inferior, segundo o previsto no capítulo III.

Para os efectos do disposto neste artigo, os traballos que impliquen riscos especiais ou tensións físicas ou mentais importantes serán os definidos como tales en convenio colectivo ou, na súa falta, por acordo entre a empresa e os

representantes dos traballadores, tomando en consideración os efectos e os riscos inherentes ao traballo nocturno.

2. A xornada de traballo máxima dos traballadores nocturnos establecida no número 1 só se poderá superar nos supostos previstos no artigo 32.1.b) e c).»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.7.^a da Constitución española, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español o artigo 8.b) da Directiva 2003/88/CE, do 4 de novembro de 2003, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de xullo de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social,
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA